



PREGUNTA ORAL SOBRE OS CRITERIOS COMERCIAIS PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA ÁREA DE APARCAMENTO EXPRÉS NA RÚA XENERAL PARDIÑAS

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Xunta de Goberno do pasado venres, 23 de xuño, aprobouse a supresión do sistema ORA na rúa Xeneral Pardiñas, destinando as prazas ao estacionamento gratuito de non máis de 15 minutos fóra do horario de carga e descarga; mentres que nesas prazas entre as 22 horas e as 7 horas permitírase o aparcamento libre.

En relación con este cuestión, formulamos a seguinte pregunta:

Que criterios se empregaron para a implantación desta modalidade de aparcamento libre exprés na rúa Xeneral Pardiñas, por que motivo non se ten aplicado este sistema noutras rúas da cidade e en que medida contribúe esta modificación a “paliar a eliminación de prazas de aparcamento como consecuencia da reurbanización da rúa Montero Rios”?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017

Alejandro S. Brunete Varela
Concelleiro do Grupo Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela